



Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán (Avda. da Mestra Vitoria Míguez 44, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 20 de febreiro de 2016

HORA DE COMEZO: 10. 45 h

HORA DE REMATE: 12. 30 h

NÚM. DE ASISTENTES: 19 persoas

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Elección de nova xunta directiva
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS:

No comezo da asemblea decidiuse variar a prelación dos puntos da orde do día, de xeito que se escollese nova directiva antes de abordar a presentación do plan de acción para o vindeiro exercicio. Así a orde do día quedou do seguinte xeito:

1. Aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección de nova xunta directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio



7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Rosa Moreiras, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2015 ([Anexo 1](#)) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

A tesoureira, Queca Carballo, explica que durante o período interasemblembr 2015-2016 rexistrouse a solicitude de alta de 2 persoas. Neste mesmo período rexistráronse 13 baixas (10 delas automáticas por falta de pagamento de varias cotas).

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva ([Anexo 2](#)).

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

O presidente, Nel Vidal, presenta comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período interasemblembr 2015-2016 ([Anexo 3](#)). A valoración xeral por parte da directiva é positiva, pois cumpríuse boa parte do plan de traballo aprobado na asemblea anterior.

Ábrese unha quenda intervencións na que se comentan e aclaran algúns puntos do informe de xestión.

Tina Formoso aproveita para darlle os parabéns á directiva da CTNL polo traballo realizado e nomeadamente ao seu presidente, Nel Vidal.

Rosario Pérez Madalena, súmase tamén aos parabéns.

Mariló Candedo felicita tamén a Nel Vidal e a directiva da CTNL en nome de Nova Escola Galega

Socorro García, aclara na asemblea que o peso das actividades desenvolvidas pola CTNL nos últimos anos recaeu sobre o seu presidente, Nel Vidal, e agradécelle o seu traballo e dedicación.

Vótase e apróbase por unanimidade o informe de xestión.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

A tesoureira, Queca Carballo, expón o informe económico do período comprendido entre 19 de xaneiro de 2015 e o 16 de febreiro de 2016 ([Anexo 4](#)) e ábrese unha quenda de



intervencións.

Anxos Sobriño pregunta de onde proceden os gastos en Redes Sociais. Nel Vidal explica que ese gasto débese á publicidade nas redes sociais de diferentes actividades como Agasallo e Lgx15.

Nel Vidal indica tamén que a diferenza de 3.008 euros entre gastos e ingresos neste exercicio débese a que, tal como se acordara na asemblea anterior, se investiu en normalización lingüística unha parte do superávit que ten a coordinadora.

A tesoureira, Queca Carballo, comenta que unha parte importante das comisións bancarias proceden dos gastos que implica pasar a cobrar a cotas das persoas que as teñen domiciliadas. Propón que, para aforrar eses gastos de comisións, os socios e socias que o consideren paguen a cota a través dunha transferencia por medio da banca electrónica, dado que isto non tería custo nin para os /as socios/as nin para a coordinadora.

Acórdase que a tesoureira enviará un correo a todas as persoas socias indicando as datas nas que poden facer esa transferencia e as instrucións para facelo correctamente. Ás persoas que non fagan esa transferencia, pasaráselles a cota, como ata o de agora, á conta na que a teñen domiciliada.

A seguir vótase a aprobación do informe de contas de 2015 (desde o 19/01/2015 ao 16/02/2016) e apróbase con 17 votos a favor e a abstención da tesoureira, Queca Carballo.

5. Elección de nova xunta directiva

A secretaria, Rosa Moreiras Cuñarro, comenta que esta é unha asemblea, en certa maneira, especial porque se conmemoran os 20 anos de existencia da CTNL. Por este motivo agradece ás persoas fundadoras a posta en marcha desta tan necesaria asociación e a todas as persoas que formaron parte da CTNL nestes 20 anos o seu traballo e implicación grazas ao que tantos avances se lograron no eido do traballo en normalización lingüística.

Indica tamén que é unha asemblea especial porque nos toca despedir como presidente a Nel Vidal, a persoa que presidiu e foi a cara máis visible da CTNL nos últimos 9 anos. Agradécelle en nome de todos e todas os seu inmenso traballo, dedicación e ilusión que fixeron posible que os proxectos e avances foran saíndo adiante.

A asemblea despídeo cun forte e unánime aplauso.

Dáse conta tamén que hai uns meses causou baixa na directiva Anxo Otero por motivos persoais. Agradéceselle o seu traballo e implicación cun aplauso da asemblea.

A seguir preséntase a única candidatura existente á xunta directiva da CTNL. Esta candidatura está encabezada por Anxos Sobriño Pérez e é a seguinte:



- Presidenta: Anxos Sobriño Pérez (DNI:76 895 839 P)
- Secretaria: Rosa Moreiras Cuñarro (DNI: 76 814 819 V)
- Tesoureira: Rebeca Carballo Coello (DNI: 36 132 588 W)
- Vogais:
 - David Cobas Medín (DNI: 44 823 453 H)
 - Dores Sánchez Alegre (DNI: 32 780 738 B)
 - Silvia Muíño Naveira (DNI: 79 330 969 J)
 - Soco García Conde (DNI: 33 312 612 X)
 - Tono Formoso Lado (DNI: 78 794 946 M)
 - Adela Pita Permuy (DNI: 32 691 751 B)

Presentada a candidatura, vótase e aprobase cos votos a favor de todas as persoas presentes a súa elección como xunta directiva da CTNL para os vindeiros dous anos.

A presidenta, Anxos Sobriño, toma a palabra para comentar que asume con ilusión o reto e que agarda contar coa colaboración de todas e todos. A asemblea agrádelle cun aplauso unánime a súa disposición para asumir a presidencia da CTNL.

6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A nova presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción para o período interasemblea 2016 -2017 (**Anexo 5**). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan ou aclaran algunhas das accións propostas.

Xusto Rodríguez Río comenta que sería ben ter en conta no Obradoiro de deseño e maquetación as ferramentas existentes na nube con módulos básicos gratuítos.

Olga Patiño comenta que se teña en conta o colectivo de docentes no Encontro de traballo de SNL .

Socorro García matiza que o Encontro de traballo de SNL non debe converterse nun espazo no que se expoñan relatorios, senón que hai que buscar fórmulas para que sexa unha oportunidade para traballar colaborativamente entre os diferentes SNL.

Olga Patiño propón que se intente contactar con algunha persoa que se formara recentemente nos cursos de LEGO para a creatividade e e motivación e que se lle ofrezca a posibilidade de desenvolver o seu proxecto na CTNL.

Coméntase tamén que sería moi necesario fortalecer a campaña de visibilización do uso do galego na comunicación, Como cho Digo ;-), tanto procurando actos locais de visibilización como intentando buscar compromisos directos por parte dos medios.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbbase por unanimidade o plan de acción para o período interasemblea 2016 -2017



7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2016 (**Anexo 6**), unha previsións que continúan na mesma liña que a de anos anteriores, e nas que se prevé seguir investindo en actividades de normalización lingüística parte do do superávit que ten a coordinadora.

Ao rematar a súa intervención ábrese unha quenda de debate na que ninguén toma a palabra. Vótase as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade de toda a asemblea.

8. Rolda aberta de intervencións

Ábrese unha quenda de intervencións na que ninguén toma a palabra.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12.30 h do sábado 20 de febreiro de 2016, a presidenta deu por rematada esta asemblea ordinaria, da que levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

Visto e prace

A presidenta entrante

O presidente saínte

Rosa Moreiras Cuñarro

Anxos Sobriño Pérez

Nel Vidal Barral



CTNL
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

LISTAXE DE ANEXOS

- **ANEXO 1:** Acta da asemblea ordinaria da CTNL de 2015
- **ANEXO 2:** Informe de altas e baixas de socios/as na CTNL durante o período interasemblembr 20145-2016
- **ANEXO 3:** Informe - memoria de xestión da CTNL do período interasemblembr 2015-2016
- **ANEXO 4:** Informe económico de 2015 (desde o 19/01/2015 ao 16/02/2016)
- **ANEXO 5:** Propostas de acción da CTNL para o período interasemblembr 2016-2017
- **ANEXO 6:** Previsións orzamentarias da CTNL para 2016